



RESOLUCIÓN DO 24 DE MARZO DE 2022 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE APROBA A MEDIDA EXTRAORDINARIA DE IMPLANTACIÓN DA PRESTACIÓN DE GARDAS DE LOCALIZACIÓN OU RELEVO EN ATENCIÓN PRIMARIA

Tendo en conta a actual situación de indispoñibilidade de persoal médico para asumir a cobertura de ausencias sobrevidas, coñecidas con escasa antelación ou na mesma quenda de traballo que o suceso causante, e coa finalidade de evitar descubertos que dean lugar á esixencia de obrigatoriedade de mobilización de profesionais para a prestación de servizos nos Puntos de Atención Continuada (PAC), a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee considerou a posibilidade de poñer en funcionamento, con carácter extraordinario, e en tanto se mantexa a actual situación de indispoñibilidade, un sistema de localización ou relevo nas fins de semana e festivos.

A posta en funcionamento do sistema descrito conta co visto e prace das Direccións de Procesos Asistenciais e de Recursos Humanos e procedeuse a informar aos representantes dos traballadores.

Polo que antecede, de conformidade co establecido no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada por Orde do 25 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio), esta Xerencia,

RESOLVE

Primeiro.- Por en funcionamento un sistema de localización, cuxo obxecto é a permanencia en expectativa (garda de localización) por parte de persoal Médico de Familia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, tanto do ámbito das unidades de atención primaria como dos Puntos de Atención Continuada, para a eventual cobertura das ausencias sobrevidas (non programadas) nos PAC, xurdidas con escasa antelación ou na mesma quenda de traballo, durante as fins de semana e festivos.





Segundo.- Os profesionais necesarios para a permanencia en expectativa 1 médico en sábado (17 horas), 1 médico en domingo (24 horas) e un médico en festivo (24 horas), determinaranse no calendario que se estableza.

Terceiro.- A cadencia das gardas establecerase en función do número de profesionais que manifesten a súa dispoñibilidade, configurándose un calendario coa programación o máis extensa posible. Na elaboración do citado calendario teranse en conta as posibles concorrencias co calendario principal do/a profesional.

Cuarto.- As retribucións serán as correspondentes a cada réxime retributivo nas Ordes polas que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Condicións da prestación: De conformidade co sinalado no apartado anterior, os/as profesionais que permanezan en expectativa (garda de localización), percibirán os importes establecidos para o concepto "Localizada persoal facultativo" no Anexo correspondente a atención continuada urxencias extrahospitalarias da vixente Orde pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, en función do número de horas que abrangue a devandita localización (17 en sábados e 24 en domingos e festivos).

No caso de ser requirido/a para a prestación de servizos efectivos, a garda de localización transformarase en presenza física, aboándose os conceptos correspondentes a cada réxime retributivo de persoal, é dicir:

- Persoal de PAC: Os importes equivalentes aos conceptos de xornada complementaria e, no seu caso, nocturnidade e festividade, establecidos na vixente Orde de confección de nóminas
- Persoal das unidades de Atención Primaria: Os importes correspondentes ao concepto "presenza física persoal facultativo" no Anexo correspondente a atención continuada urxencias extrahospitalarias da vixente Orde de confección de nóminas





A activación da garda levarase a cabo mediante chamada telefónica realizada pola Supervisión de Atención Continuada ou polo/a Directivo/a de garda.

Sexto.- Prazo para a manifestación de dispoñibilidade: Para os efectos de configurar unha listaxe de profesionais dispoñibles para a implantación do sistema de gardas de localización en Atención Primaria, ábrese un prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional, para que os/as profesionais Médicos de Familia das unidades de Atención Primaria e dos Puntos de Atención Continuada poidan manifestar a súa dispoñibilidade para participar no devandito sistema, a través do formulario habilitado ao efecto na Web do Espazo do Profesional (<http://espazodoprofesional.xxiac.es/>).

Sétimo.- Posta en funcionamento: Unha vez rematado o prazo para a manifestación de dispoñibilidade, elaborárase o calendario, nos termos sinalados no apartado Terceiro, que será difundido entre todos/as profesionais participantes. Levada a cabo tal difusión, porase en funcionamento o sistema de localización ou relevo en Atención Primaria na Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Oitavo.- Duración: O presente programa terá vixencia inicialmente durante o ano 2022, manténdose, con posterioridade, mentres persista a situación de indispoñibilidade de aspirantes nas listas de selección de persoal estatutario temporal, sendo obxecto de avaliación semestral.

A Coruña, 24 de marzo de 2022



Área Sanitaria da Coruña e Cee

XERENCIA
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE
Asdo.: LUIS VERDE REMESEIRO

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 24 de marzo de 2022 publícase a presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee

O Director de RR.HH.
Javier Fernández Nistal

